

Prevención de riscos nos traballos de LIMPEZA e
DESINFECCIÓN no sector AGROALIMENTARIO



ATENDE

Agro



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



GALICIA
inverte no RURAL



Prevención de riscos nos traballos de LIMPEZA E DESINFECCIÓN no sector AGROALIMENTARIO

Deterxentes, limpadores, lixivias, biocidas, que son?.....	1
Autorización, rexistro e control do uso de biocidas.....	2
A etiqueta dos produtos químicos perigosos	3
A etiqueta (deterxentes e limpadores)	4
A etiqueta (biocidas)	5
A ficha de datos de seguridade (FDS)	6
Locais de traballo seguros	7
Axentes químicos e biolóxicos I.....	8
Axentes químicos e biolóxicos II.....	9
Prácticas de traballo seguras I	10
Prácticas de traballo seguras II.....	11
Escadas	12
Manipulación manual de cargas	13
Sobresforzos e movementos repetitivos	14
Equipos de protección individual (EPI)	15
Que EPI debo utilizar?	16
Lexislación	17

Autoría: Ana María Vázquez Rodríguez, técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Coordinación: técnicas del Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Lucía Ferrón Vidán / Raquel Blanco Silva

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (maio 2014)

Deseño: Juli Molares

Depósito legal: C 963 – 2014

Que son os deterxentes, limpadores e lixivias?

Son produtos que conteñen unha ou máis substancias químicas. Utilízanse en operacións de lavado e limpeza e algúns exercen poder desinfectante



► DETERXENTES

Os tensioactivos son o compoñente principal. Son os que limpam propiamente

Outros compoñentes: coadjuvantes, cargas, reforzantes e aditivos



► PRODUTOS LIMPADORES

Poden levar disolventes, ácidos, álcalis (sosa...), ceras, aditivos, aromatizadores...




► LIXIVIAS

Compostas basicamente por hipoclorito alcalino

Que son os biocidas?

Son praguicidas de uso non agrícola. Existen 23 tipos de biocidas reunidos en catro grupos



Autorización, rexistro e control do uso de biocidas

O uso inapropiado de biocidas é perigoso para a saúde humana, os animais e o medio

► MECANISMOS DE CONTROL:

BIOCIDAS

Estarán autorizados para a súa comercialización e utilización

Estarán inscritos no Rexistro oficial de biocidas da autoridade con competencia en sanidade



Ácido peracético – peróxido de hidróxeno
(Nº de rexistro 13-100-04604)

LOCAIS OU INSTALACIÓNS DE FABRICACIÓN, FORMULACIÓN, ALMACENAMENTO, COMERCIALIZACIÓN E EMPRESAS DE SERVIZOS DE BIOCIDAS

Estarán inscritos no Rexistro oficial de establecementos e servizos biocidas de cada comunidade autónoma

BIOCIDAS TÓXICOS OU MOI TÓXICOS

Controlarase a súa comercialización e aplicación mediante o libro oficial de movementos de biocidas



Debes dispor dun libro oficial de movementos de biocidas se tes que manipular biocidas clasificados como tóxicos ou moi tóxicos

CARNÉ DE APLICADOR/MANIPULADOR DE BIOCIDAS

Obrigatorio para todos os traballadores que fagan traballos relacionados coa aplicación de biocidas

A etiqueta dos produtos químicos perigosos

Alguns deterxentes, limpadores e biocidas son perigosos. A etiqueta deberá informar sobre: a perigosidade do produto, os riscos que supón a súa manipulación ou uso e as medidas de seguridade que hai que adoptar
Ata o 2015 esta información pode aparecer de dúas formas:

► ETIQUETA ANTIGA

	CLASE DE PERIGO (RD 363/1995)	PICTOGRAMA (RD 363/1995)		CLASE DE PERIGO (RD 363/1995)	PICTOGRAMA (RD 363/1995)
PERIGOS FÍSICOS	Explosivo (E)		PERIGOS PARA A SAÚDE	Corrosivo (C)	
	Extremadamente inflamable (F ⁺) Facilmente inflamable (F)			Moi tóxico (T ⁺) Tóxico (T)	
	Inflamable			Irritante (Xi) Nocivo (Xn)	
	Comburente (O)		PERIGOS PARA O MEDIO	Perigoso para o medio	

► ETIQUETA NOVA

	CLASE DE PERIGO (CLP)	PICTOGRAMA (CLP)		CLASE DE PERIGO (CLP)	PICTOGRAMA (CLP)
PERIGOS FÍSICOS	Explosivo		PERIGOS PARA A SAÚDE	Toxicidade aguda	
	Inflamable			Corrosión cutánea / lesión ocular grave	
	Comburente			Efecto irritante / danoso / sensibilizante / perigoso para a capa de ozono	
	Gas a presión			Efecto tóxico / cancerixeno / mutáxeno / danoso para a reproducción / sensibilizante	
	Corrosivos para metais		PERIGOS PARA O MEDIO	Perigoso para o medio acuático	

A partir do 1 de xuño do 2015 a etiqueta antiga desaparece
Unicamente os produtos xa comercializados poderán levala ata o 2017


A etiqueta (deterxentes e limpadores)

Virá polo menos en castelán. Nalgúns casos parte da súa información poderá presentarse na ficha técnica ou na ficha de datos de seguridade (FDS) do produto

► MODELO DE ETIQUETA ANTIGA




► MODELO DE ETIQUETA NOVA




A etiqueta (biocidas)

Virá polo menos en castelán. Nalgúns casos parte da súa información poderá presentarse nun folleto informativo que acompañe ao envase

► MODELO DE ETIQUETA ANTIGA



► MODELO DE ETIQUETA NOVA



A ficha de datos de seguridade (FDS)

O provedor do produto ten que poñela á disposición dos usuarios profesionais na primeira entrega e debe estar redactada polo menos en castelán. Pode vir en papel ou en formato electrónico e será gratuíta

Hoja de seguridad
Según Reglamento CE N° 1907/2006 (REACH)

1. Indicación de sustancia / preparado y empresa
SOSA CAUSTICA PERLAS

Identificador del producto
Descripción del producto: Sosa Cáustica Perlas
Sinónimos: Hidróxido Sódico anhidro
N° registro REACH: 01-2119457892-27-XXXX
N° CE: 215-185-5
N° CAS: 1310-73-2

Usos pertinentes identificados de la sustancia o de la mezcla y usos desaconsejados
- Usos relevantes identificados:
Manufacturas químicas, celulosas, jabón, detergentes,...

Empresa:
Productos S.A.
Información en caso de urgencia:
Servicio de información de Toxicología: 91 562 04 20

2. Identificación de los peligros

Clasificación de la sustancia o de la mezcla
Clasificación - Reglamento N° 1272/2008/EC
Corrosión cutánea - Cat. 1A, H314.
Sustancia corrosiva para los metales - Cat. 1, H290.
Clasificación - Directiva 67/548/EC
C - Corrosivo, R35.
Elementos de la etiqueta según Reglamento CE N° 1272/2008
Pictogramas:
GHS05



Palabra de advertencia: PELIGRO
Indicaciones de peligro: H314 Provoca quemaduras graves en la piel y lesiones oculares graves.

3. Composición / Información sobre sus componentes

Sustancias
Sustancia inorgánica mono-constituyente

Nombre químico	%	N° CAS	N° INDICE Anexo VI	N° CE
Hidróxido Sódico	>99	1310-73-2	011-002-00-6	215-185-5

4. Primeros auxilios

Indicaciones generales: El socorrista debe llevar equipo respiratorio autónomo, ropa de protección, guantes y calzado de seguridad. En caso de proyección en los ojos y la cara, tratar los ojos con prioridad.

6. Medidas en caso de vertido accidental

Precauciones personales, equipo de protección y procedimientos de emergencia
Evitar el contacto con los ojos, la piel y las vías respiratorias. No actuar sin el equipo de protección adecuado. Usar máscara facial, guantes de goma, botas de goma, traje antiácido (ver apartado 8). Evitar el contacto con el producto derramado.

7. Manipulación y almacenamiento

Precauciones para una manipulación segura
Antes de manipular el producto asegurarse de que el envase a utilizar está limpio, seco y es el adecuado. El equipo de protección personal deberá prevenir cualquier posibilidad de contacto con la piel u ojos con el producto usando: gafas, máscara facial, guantes de goma, botas de goma y trajes tipo antiácido o impermeables. Evitar la formación de polvo.

13. Consideraciones relativas a su eliminación

Producto
Absorber el residuo con arena, tierra y arcilla. Los absorbentes contaminados se tratarán por un gestor autorizado, así como los envases usados y residuos. Eliminar conforme a las Reglamentaciones locales, regionales y nacionales correspondientes.

A FDS debe conter 16 apartados e a súa información estará actualizada

Apartado	
1	Identificación do preparado e do responsable da comercialización
2	Identificación dos perigos
3	Composición e información sobre os compoñentes
4	Primeiros auxilios
5	Medidas de loita contra incendios
6	Medidas que deben tomarse en caso de vertedura accidental
7	Manipulación e almacenamento
8	Controis de exposición e de protección individual
9	Propiedades físicas e químicas
10	Estabilidade e reactividade
11	Informacións toxicolóxicas
12	Informacións ecolóxicas
13	Consideracións sobre a eliminación
14	Informacións relativas ao transporte
15	Informacións regulamentarias
16	Outras informacións

8. Límites de exposición y equipamiento de protección personal
Medidas de protección individual, tales como equipos de protección personal
Protección de los ojos / la cara: Gafas de montura integral (EN 166).
Protección de la piel: - Manos: Guantes resistentes a productos químicos (EN 374)

INFÓRMATE sobre como debes protexerte

BUSCA todas as frases R (H) ou S (P) asociadas ao produto

16. Otra información
Abreviaturas y siglas:
R35: Provoca quemaduras graves.

Locais de traballo seguros

ILUMINACIÓN

Suficiente

Disporá de iluminación de emerxencia

ORDE

Os corredores e saídas de emerxencia estarán libres de cables, mangueras e outros obxectos que interrompan a circulación e poidan producir caídas ou enganches

SERVIZOS

Disporán de baños con suministro de auga quente e fría para o aseo persoal



ALMACÉN

Específico para produtos e accesorios de limpeza, ben ventilados e provistos de sistemas anti-incendios e lavaollos ou ducha de emerxencia en función da natureza e das cantidades dos produtos almacenados

SINALIZACIÓN

Deberán sinalizarse as saídas de emerxencia, os sistemas anti-incendios, as caixas de primeiros auxilios, os puntos perigosos das instalacións, da maquinaria e do equipamento, as zonas de risco químico, biolóxico, radiación, ruído, etc

PROTECCIÓN COLECTIVA

Anteporase sempre ao uso de protección individual (plataformas de elevación, varandas resistentes, sistemas de ventilación forzada, extracción localizada de aire, etc)

As superficies moi quentes ou moi frías de tubaxes, caldeiras, depósitos e outros estarán protexidas fronte aos contactos físicos involuntarios do traballador

PISOS

Cando precisen ser baldeados con frecuencia estarán construídos con inclinación cara a desaugadoiros protexidos con reixas ou placas metálicas perforadas, doadas de limpar

Disporán de sifón para evitar fedores

A superficie do piso será preferiblemente de material resistente aos produtos de limpeza e non esvaradío

Axentes químicos e biolóxicos I

MEDIDAS PREVENTIVAS



Le a etiqueta e a FDS e manipula o produto como recomenda o fabricante



Elixe o produto de limpeza menos perigoso

Utiliza desinfectantes e biocidas só se fose preciso




Viste os equipos de protección individual adecuados



Evita manexar produtos químicos perigosos para a maternidade se estás embarazada ou amamentando



É obrigatorio dispor de carné de manipulador/aplicador de biocidas se vas traballar con eles



Planifica o traballo que fagas con biocidas e rexistra, se procede, as actuacións no libro oficial de movementos de biocidas



Non mestures produtos distintos a non ser que o permita o fabricante

Lembra que os desinfectantes con cloro son incompatibles con ácidos e álcalis fortes



Non manipules produtos inflamables ou combustibles cerca de lapas e puntos quentes



Evita transvasar os produtos

Nunca os pases a envases de alimentos ou bebidas

Etiqueta todos os envases

Dispón de absorbentes para derramos

Axentes químicos e biolóxicos II

MEDIDAS PREVENTIVAS



Olo coas zonas onde poida haber risco de exposición a axentes químicos, biolóxicos, radiacións, etc. Poden requirir medidas especiais de prevención



Se hai risco de infeccións ou contaxios segue os protocolos de seguridade e saúde que existan



O médico do traballo debe coñecer os axentes que manexas para vixiar a túa saúde



Pode ser recomendable a vacinación do traballador



Controla a ventilación dentro dos locais para evitar a acumulación de po, gases ou vapores perigosos procedentes dos produtos de limpeza



Non comas, bebas ou fumes durante manipulación e aplicación do produto



Sinaliza a zona de traballo advertindo do perigo (chan esvaradío) ou prohibindo os accesos nas zonas tratadas con biocidas



Enxauga os envases antes de retiralos

Deposítaos nos contedores de residuos apropiados

Entrega os envases baleiros de biocidas a un xestor autorizado



Limpa e garda os equipos de protección individual (EPI) non desbotables segundo indica o fabricante

Revisa e retira os EPI en mal estado

Práticas de traballo seguras I

► EVITA REALIZAR ESFORZOS SEMPRE QUE POIDAS

- .Cando sexa posible cambia as ferramentas ou utensilios manuais de limpeza por aparellos eléctricos para reducir o esforzo
- .Utiliza medios mecánicos para o desprazamento de cargas (carros para material de limpeza, cestos e contedores con rodas, etc.)
- .Non sobrecargues os cubos, caixas e bolsas
- .Sitúa os puntos de aprovisionamento de materiais ou depósitos de residuos o máis preto posible
- .Utiliza mangos extensibles para evitar posturas forzadas ou movementos moi amplos de ombreiros e brazos



► OS ESPAZOS CONFINADOS SON PERIGOSOS

- .Son espazos reducidos con accesos difíciles e ventilación deficiente tales como silos, cubas, pozos, depósitos, arquetas...
- .Non entres neles sen dispor de autorización, poden carecer de suficiente osíxeno ou conter gases tóxicos e inflamables que che provoquen asfixia, intoxicación e incluso a morte

► CÓIDATE DAS CAÍDAS

- .Non te subas a cadeiras, caixas ou outros elementos para facer limpeza en puntos elevados
- .Utiliza escadas, plataformas elevadoras ou outros equipos de elevación e sempre seguindo as indicacións do fabricante

Prácticas de traballo seguras II



► ALGÚNS EQUIPOS PODEN CONVERTERSE NOS TEUS INIMIGOS

- .Non retires as proteccións de seguridade das máquinas para a súa limpeza
- .Apaga o equipo antes de limpar as partes móbiles que orixinan risco de atrapamento, corte ou esmagamento



► OLLO CO RISCO ELÉCTRICO

- .Desconecta os equipos eléctricos da rede antes de limpalos con auga a chorro ou pulverizada
- .De non ser posible cobre con plástico ou fundas impermeables os circuítos, motores, cadros eléctricos, etc
- .Asegúrate de que existe un mantemento dos fusibles e conexións a terra do equipamento eléctrico así como dos diferenciais da instalación eléctrica




- .Non sobrecargues as tomas de corrente conectando moitos equipos con potencia superior á que poidan soportar
- .Verifica o bo estado dos equipos de limpeza, das alargadeiras de corrente, enchufes e cables antes de usalos

Non se realizarán traballos subidos a elas salvo cando non exista a posibilidade de facelo por outros medios ou cando os riscos que se xeren sexan pouco importantes



Disporán de zapatas fixas ou axustables

Endexamáis coloques a escada sobre elementos inestables ou móbiles




A inclinación será a apropiada e se é preciso suxeitarase pola parte superior á estrutura de apoio

Debe sobresaír polo menos 1 metro por enriba da superficie á que sobes



Utilízaas sempre co tensor completamente aberto

Non subas ata o derradeiro chanzo



Non as utilices como plataformas improvisadas

Se traballas a máis de 3,5 metros de altura de xeito inestable utiliza un arnés amarrado a un lugar seguro



Antes de subir comproba que está limpa, libre de graxas ou produtos que a fagan escorregadiza

Non pintes nunca as escadas de madeira



Cumprirán coa normativa europea

Nunca superes a carga máxima que aguenta a escada



Antes de subir ás escadas extensibles ou adaptables revisa todos os dispositivos de bloqueo



Sobe e baixa mirando cara a escada

Só poderá estar subida á escada unha persoa de cada vez

Manipulación manual de cargas

MEDIDAS PREVENTIVAS



Para levantar cargas coloca as pernas lixeiramente abertas, flexiona os xeonllos e mantendo o lombo recto ergue a carga facendo forza coas pernas



Non cargues vultos voluminosos ou con difícil punto de agarre que che obrigue a ter unha postura forzada do tronco ou das extremidades



Se levantas a carga por enriba dos ombreiros apóiaa a medio camiño para poder cambiar o agarre



Evita facer xiros bruscos ou de longo percorrido coa cintura cando sosteñas a carga, mantena o máis preto posible do corpo durante todo o traslado



Utiliza axudas mecánicas para manexar a carga sempre que poidas



Aproveita o peso do corpo para empuxar ou tirar da carga



Se non dispós de medios mecánicos pide axuda cando manexes cargas moi pesadas ou difíciles de agarrar



Fai descansos de 10 minutos cada hora se realizas traballo físico importante ou intercala esas tarefas con outras máis lixeiras

Sobresforzos e movementos repetitivos

MEDIDAS PREVENTIVAS



Evita manter durante moito tempo posturas forzadas coas mans, pulsos, xeonllos, nocellos, pernas...



Realiza breves exercicios de estiramento e flexibilidade para tonificar os músculos, tendóns e articulacións despois de varias horas de traballo



Intercambia con outros compañeiros a realización de labores moi pesados ou repetitivos sempre que sexa posible



Utiliza utensilios ergonómicos que che permitan ter un bo agarre e aplicar a forza sen adoptar posturas forzadas (cepillos, coitelas, espátulas, mangos...)



Debes manter en bo estado os utensilios de limpeza para que a súa eficacia sexa máxima



Alterna o uso das mans cando o traballo non esixa moita forza ou destreza e sexa moi repetitivo



Realiza descansos de 10 minutos cada hora se estás facendo movementos repetitivos durante moito tempo ou cambia a faena por outra diferente

Equipos de protección individual (EPI)

Son utilizados polos traballadores para que os protexan dos riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde



Utiliza casco se hai risco de desprendemento de obxectos ou materiais



Calza botas de cana alta, impermeables e provistas de sola antiesvaradía para traballos en húmido



Utiliza protectores auditivos fronte ao ruído




Elixe as luvas segundo sexa o risco que pretendas evitar (golpes, cortes, queimadura química...)



Protexe os ollos de vapores, po e salpicaduras cando manipules produtos químicos perigosos



Utiliza protección respiratoria cando poidas inhalar vapores, gases, pos ou axentes biolóxicos perigosos



Utiliza un equipo anticaídas para traballos con risco de caída de altura



Elixe calzado con punteira reforzada se hai risco de corte ou esmagamento



Viste roupa impermeable ou de protección fronte ao frío cando traballes en ambientes húmidos ou a baixas temperaturas

Que EPI debo utilizar?

Elíxeos correctamente informándote:

- ☐ Na FDS proporcionada polo fabricante do produto: apartado 8
- ☐ No folleto informativo que acompaña ao EPI proporcionado polo fabricante

O servizo de prevención da empresa debe asesorar sobre as características dos EPI que teñen que usar os traballadores

MARCACIÓNS ESPECÍFICAS (Luvas)

O pictograma indícache que debes consultar o folleto antes de usar a luva



Marcación CE obrigatoria

Referencia a normas europeas

Os pictogramas e os códigos indican os riscos fronte aos que protexen

Riscos
mecánicos

Riscos
biolóxicos

Riscos
químicos

ELIXE
a luva en función
do axente químico
que manexes

PICTOGRAMAS DE PROTECCIÓN QUÍMICA

Luvas

Roupa



← - - - Norma EN

Código do composto químico
ao que é impermeable

A: Metanol
B: Acetona
K: Hidróxido sódico (sosa)



Lexislación

Recompilación non exhaustiva de lexislación en materia de prevención de riscos, comercialización e uso orientada a traballos con produtos deterxentes, limpadores e biocidas

Regulamento (CE) N° 648/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre deterxentes

Regulamento (UE) N° 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e o uso dos biocidas

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31/01/1997)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorso-lumbares, para os traballadores (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo (BOE do 24/05/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12/06/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores de equipos de traballo (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 770/1999, do 7 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración circulación e comercio de deterxentes e limpadores (BOE do 18/05/1999)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (BOE do 01/05/2001)

Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas (BOE do 15/10/2002)



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

Os **A**TENDE **Agro** do Issga

Prevención de riscos nos
traballos de LIMPEZA e
DESINFECCIÓN no sector
AGROALIMENTARIO